

Os Bolechos

® TM

as miñas primeiras Letras Galegas



CARVALHO CALERO

A familia dos Bolechas



Carlos é o máis vello dos irmáns.



Loli é a irmá xemelga de Pili, pero ten o pelo máis claro.



Pili é irmá xemelga de Loli, pero ten o pelo máis escuro.



Braulio é o antepenúltimo dos irmáns.



Sonia é a morena e a penúltima dos irmáns.



Tatá é o máis novo da familia.



Chispa é o can da familia, é un husky siberiano.



Mamá Bolechas chámase Amparo.



Papá Bolechas chámase Daniel.



Balbina é a avoa materna.



Marcelo é o avó materno.



Flora é a avoa paterna.



Emiliano é o avó paterno.



A curmá Sarela.



A curmá Ying.



O curmán Kofi.



A tía Camila é nai de Sarela, Ying e Kofi.



O tío Lisardo é pai dos curmáns e irmán de Daniel.



Lusco é un dos cans da familia de Sarela, Ying e Kofi.



Fusco é outro dos cans da familia de Sarela, Ying e Kofi.



A curmá Saladina.



A tía Lupa é nai de Saladina e irmá de Daniel.



O tío Agostiño é pai de Saladina.

Os Bolechas

PEPE CARREIRO



as miñas primeiras Letras Galegas

Voume disfrazar do escritor **Ricardo Carvalho Calero**, que é ese home da foto.

Estou a poñer este pucho que fixen cun calcetín, para tapar o cabelo, porque Carvalho Calero andaba pelado.

Despois vou pintar un bigotiño como o que el gastaba cando xa non era mozo.



Ola! Son Carvalho Calero, ghe, ghe! Vouvos contar como foi o día en que naceu Scórpio.

Scórpio é o personaxe principal da miña novela titulada tamén **Scórpio**.

Cando naceu era pequeno coma un coello.




Fixádevos ben! As palabras en *cursiva* son igualiñas ás que escribín eu.

Ollade como escribo dun xeito moi parecido ao portugués! Empezo...



Scópio naceu nun faiado. A nai, que se chamaba Antónia, era costureira e non gañaba para unha casa mellor.

Antónia deu onte a luz. Agora, a mai e o neno jazem na humilde cama.





Scórpio era pequeno coma un coello,
como todos os humanos cando nacemos.
Mais era un meniño robusto.

*A crianca é formosa, de bom peso,
com umha abundante penugem loira
na cabeça.*



A nai de Scórpido era pobre, mais tiña leite abondo para fartar o seu filliño.


*Aperta os punhos e os
olhos cando está
dormido, acarom da
mai, saciado o seu
apetite de leite
materno.*





Antónia estaba frouxa, como todas as nais despois de pariren. Notábaselle nos ollos, que os tiña apagados. Mais estaba ben.

Todo está bem. No meio da pobreza que os rodeia, mai e filho dam umha sensación de saúde...



Unha veciña traíalle caldo, para que se recupere. Traíalle tamén un cabezal e poñíallo sobre a súa almofada, para que se recostase nel e estivese máis cómoda.

Antónia bebe em silêncio o seu caldo de galinha, obséquio da vizinha do baixo.



A veciña pensaba en como ía vivir Antónia. Porque a coitada non tiña quen lle quedase co neno, mentres ía traballar de costureira. Terían que axudala as veciñas.

Como vai viver?... que fará co seu neno se vai coser às casas? Poucas amigas tem, tam pobres como ela.





O pai de Scórpio podía axudar a nai a coidar o fillo, mais ninguén sabía quen era. E Antónia non o quería descubrir.

Ela deveria dizer quem é o pai... haveria que exigir-lhe a esse home ajuda para a mulher que perdeu e o filho que engendrou.

Ricardo Carvalho Calero naceu en **Ferrol**, o 30 de outubro de 1910. De moción foi estudar Dereito a Santiago de Compostela. Alí, ademais de estudar, participou na fundación do Partido Galeguista. Estudou tamén Filosofía e Letras, porque lle gustaba moito a literatura.

Na guerra de 1936 prendérono e impedíronlle ser profesor no ensino público. Pero foi director dun colexio privado en Lugo. E empezou a publicar libros de poesía, novelas, teatro e estudos sobre literatura. Tamén colaborou cos xornais.

Aos 48 anos entrou na Academia Galega. E, xa de vello, conseguiu ser catedrático da Universidade de Santiago de Compostela. Nesa época xa non

podían impedir que fose profesor no ensino público. Carvalho Calero foi partidario de xuntar o galego e o portugués, porque son dúas linguas irmáns.

Escrebiu moito: poesía, teatro, novelas, artigos nos xornais, estudos sobre literatura... Estes son algúns dos seus libros máis coñecidos: **Trinitarias**, **Salterio de Fingoy** (libros de poesía); **A xente na barreira**, **Scórpido**, (novelas); **Catro pezas** (teatro).





JAZEM: xacen, están tombados. FILHO: fillo.
CRIANÇA: criatura, nena ou neno pequeno. SENSAÇOM: sensación.
FORMOSA: fermosa, linda, bela. GALINHA: galiña.
BOM: bo. OBSÉQUIO: agasallo, presente.
PENUGEM: penuxe, pluma lixeira e suave que teñen as crías das aves. VIZINHA: veciña.
CABEÇA: cabeza. VIVER: vivir.
PUNHOS: puños. DEVERA: debera.
OLHOS: ollos. DIZER: dicir.
ACAROM: a carón, ao lado. HAVERIA: habería.
SACIADO: farto, satisfeito. ESSE: ese.
MEIO: medio. AJUDA: axuda.
 MULHER: muller.
 ENGENDROU: xerou, creou, deu a vida a un novo ser.

os bolechas[®]
PEPE CARREIRO

Síguenos en:   YouTube



Entra na nosa web e faite do club!

www.osbolechas.gal

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas

Ilustracións e textos: Pepe Carreiro / Estudio Carreiro

Depósito legal: C 485-2020

ISBN: 978-84-18176-10-4

Impreso en Galicia

 **bolanda** EDICIONES Y MARKETING



REAL ACADEMIA GALEGA



CAIXA RURAL
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
OURENSE



as miñas primeiras Letras Galegas

as bolechasTM
PEPE CARREIRO



bolanda ediciones y marketing



9 788418 176104



REAL ACADEMIA GALEGA